



**INSTRUCCIONS DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA A APLICACIÓN DO CALENDARIO DE FIN DE CURSO NOS CONSERVATORIOS PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE DANZA, E CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA.**

A Orde de 13 de xuño de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establece o calendario escolar que rexerá para o curso 2014/2015 nos centros docentes sostidos con fondos públicos. No seu artigo 5º, punto 3, determina que as actividades lectivas realizaranse entre os días 15 de setembro de 2014 e 30 de xuño de 2015.

Tendo en conta as particulares características organizativas dos conservatorios profesionais de música e de danza, así como os superiores de música, como centros de Ensinanzas de Réxime Especial de perfil diferenciado, cómpre ditar as seguintes instrucións para a organización destas ensinanzas no mes de xuño do presente ano 2015.

**Calendario de fin de curso nos Conservatorios Profesionais de Música e de Danza.**

- 1.1. No caso de alumnado matriculado no 6º curso de Grao Profesional e/ou que estea a cursar o segundo curso de Bacharelato, a avaliación das materias cursadas no plan de estudos do Conservatorio Profesional de Música realizarase entre o 18 e 20 de maio, ámbolos dous incluídos, ao efecto de facilitar no seu caso o remate dos estudos e a inscrición nas probas de acceso ás Ensinanzas Superiores e Universitarias.
- 1.2. A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 5 de xuño, inclusive.
- 1.3. A avaliación final, de ámbolos dous graos, elemental e profesional, desenvolverase entre o 8 e o 12 de xuño, en datas e horarios a determinar polos centros. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 12 de xuño.
- 1.4. As probas de acceso aos graos elemental e profesional, desenvolveranse na segunda quincena de xuño, segundo se establece na normativa de acceso respectiva, e de acordo cos calendarios específicos a tal efecto elaborados polos centros.

**Calendario de fin de curso nos Conservatorios Superiores de Música.**

- 1.5. Alumnado do plan LOXSE
  - 1.5.1. A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 29 de maio, inclusive.
  - 1.5.2. A avaliación final desenvolverase entre o 2 e o 15 de xuño, en datas e horarios a determinar polos centros. En calquera caso, o proceso de avaliación, incluída a comunicación das cualificacións finais, deberá ter rematado o día 15 de xuño.
- 1.6. Alumnado do plan LOE
  - 1.6.1. O calendario desenvolverase segundo o previsto na Circular 10/2014, no punto 10.6.
  - 1.6.2. Deben observarse os procedementos sobre realización de probas ordinarias e extraordinarias que se establecen na Circular 10/2014, no seu punto 11.
- 1.7. As probas de acceso ao 1º curso realizaranse a partir do día 22 de xuño, de acordo co calendario que se estableza na resolución de convocatoria destas probas.

Cada centro organizará as restantes actividades académicas de acordo co seu proxecto de organización en función do presente calendario. As datas indicadas nas presentes instrucións para o desenvolvemento das distintas actividades de fin de curso non se poderán adiantar en ningún caso; non obstante, e por motivos xustificadas, poderase solicitar o retraso das mesmas, que deberá de contar coa autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección respectivo.

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2015  
O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa



Manuel Corredoira López